





FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE



5. PARA SEGUIR FORMÁNDOTE



FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO (FPROFE)

Fprofe é o Sistema de Xestión da Formación do Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e xorde coa finalidade de axudar a xestionar a formación, tanto recibida como impartida, dentro do noso contexto laboral docente. Coordínase, polo tanto, desde o Servizo de Formación do Profesorado.

FPROFE

Identifíquese

Usuario de educación

Conta de usuario (sen @edu.xunta.gal)

Contraseña

Ou entre con certificado dixital

[Contacto](#) [Axuda](#)



Podemos acceder a Fprofe sen estar identificadas/os e teremos acceso a unha serie de utilidades moi concretas: dun lado (1), a visualización das actividades que han comezar en breve e que teñan prazas libres; doutro lado (2), o acceso a un repositorio de preguntas frecuentes e tamén á consulta pública do Plan de Formación.

Inicio

Sistema de xestión da formación do profesorado

1 **Actividades con prazas libres**

V1802019 - Claves educativas compartidas por familias e escola. Do 25/10/2018 ao 30/05/2019 (50 prazas libres)

V1802007 - Atención educativa ao alumnado con TEA na aula ordinaria. Do 26/10/2018 ao 29/11/2018 (30 prazas libres)

V1802011 - Metodoloxías activas e integración das TIC na aula de música. Do 29/10/2018 ao 31/10/2018 (40 prazas libres)

2 **Preguntas frecuentes:** preguntas máis frecuentes sobre as actividades de formación

Consulta pública do plan de formación: consultas anónimas das actividades ofertadas no Plan Anual de Formación

Entrada no sistema/autenticación: acceso privado para acceder a inscrición nas actividades do Plan Anual de Formación, consultar a situación da persoa nas actividades nas que está inscrito, e outras tarefas de xestión

Inicio [Accesibilidade](#) [Aviso](#) [Privacidade](#) [Contacto](#)





Unha vez identificado en [Eprofe](#) co teu correo corporativo e o teu contrasinal, accedes á páxina principal da aplicación.

Unha vez dentro dela poderás:

- Visualizar todas as actividades realizadas e/ou impartidas recoñecidas pola administración educativa.
- Consultar o plan de formación e inscribirte en actividades incluídas nel.
- Propoñer actividades que poidan ser útiles no contexto educativo.
- Realizar enquisas de actividades xa realizadas.
- Solicitar e xestionar grupos de traballo, seminarios permanentes, estadías en empresas ou proxectos de formación en centros.

